

Club Tenis Muimenta

BASES do XVI OPEN HERMO 2017

20º Torneo de Verán Muimenta - 31 Xullo ao 5 Agosto

Nº Homologación : 9144

- **SEDE :** Club Tenis Muimenta
Muimenta (Lugo), Avenida de Pastoriza S/N
43°15'19.81"N - 7°25'35.97"O
- **DATA :** Do 31 de Xullo ó 5 de Agosto do 2017.
- **INSCRICIÓN :** Data límite de inscrición día 27 de Xullo.
As inscricións realizaranse a través de www.ibertenis.com, email ou teléfono:
 - e-mail: tenismuimenta@hotmail.es (Datos obrigatorios: Nome e apelidos, nº licencia, teléfono, categorías e limitacións horarias)
 - teléfonos: 678550867 (Miguel Morán), 696755885 (Carlos Montero).
 - **Cota de inscrición:** As categorías con fase previa, terán un coste de 10€ en fase previa e 15€ en fase final (Os xogadores que pasen da previa a fase final terán que abonar os 5€ de diferenza na inscrición). O resto das categorías terán un custo de 10€.**Os pagos das mesmas realizaranse en metálico, antes de xogar o primeiro partido.**
- **SORTEO :** Sorteo día 28 de Xullo ás 20:00 horas nas instalacións do club.
- **CATEGORÍAS :** Disputaranse as seguintes categorías:
 - **Senior masculino:** *Fase previa* (31 Xullo - 1 Agosto) *Fase final* (2 Agosto - 5 Agosto)
 - **Senior feminino:** *Fase previa* (31 Xullo - 1 Agosto) *Fase final* (2 Agosto - 5 Agosto)*As categorías senior con fase previa, terán unha fase final de 16 xogadores: 10 clasificados directos, 4 previas e 2 willcards (no caso de non existir WC substituiranse por clasificados directos).*
 - **Veteranos +55 masculino e feminino**
 - **Veteranos +45 masculino e feminino**
 - **Cadete masculino e feminino**
 - **Infantil masculino e feminino**
 - **Alevín masculino e feminino**
- **HORARIOS :** Os horarios subiranse diariamente a páxina web: www.ibertenis.com
 - Publicaranse como límite ás 21:00h do día anterior ao partido (polo que se deben revisar sempre a esa hora). É obrigación dos xogadores enterarse da data e hora do seus partidos. Se houbera calquera cambio nos horarios chamaríase por teléfono.
 - Recordar a todos os xogadores que teñan problemas de horarios que o comuniquen ao inscribirse, non obstante estas peticións intentaranse respetar sempre na medida que sexa posible.
- **NORMAS:** O torneo rexirase polas normas da R.F.E.T. Para participar é imprescindible a licenza federativa do ano en curso.
 - A marca de pelotas será Babolat.
 - Os partidos disputaranse en pistas de cemento, con luz natural ou artificial, ó aire libre ou a cuberto, segundo indique a organización. As xornadas comezarán ás 10 h da mañá e finalizarán ás 22 h. Os xogadores inscritos comprométese a estar a disposición da organización por se son requiridos para arbitrar algún dos partidos.
 - As categorías senior xogaranse a mellor de 3 sets con tie-break en todos eles, as categorías junior decidiranse en caso de empate, con un súper tie-break en lugar do último set. Por decisións do xuíz árbitro poderase modificar o sistema de xogo (según o reglamento técnico da RFET) por motivos de tempo ou meteorolóxicos.
 - O xuíz árbitro poderá aplicar W.O. ós xogadores que non aparezan transcorridos 15 minutos da hora sinalada para o comezo do partido.
 - Designaranse "lucky-loser" para o cadro final de acordo coa normativa vivente.
 - A inscrición no torneo conleva automaticamente que cada xogador exime á organización de calquera lesión producida durante o mesmo.
 - As cuestións non reflexadas neste reglamento serán decididas polo xuíz árbitro da competición, ou pola organización en substitución deste, cúa decisión será inapelable. Os inscritos por este solo feito, considéranse enterados e conformes co presente reglamento.
- **+ INFO NA WEB :** www.tenismuimenta.blogspot.com
- **XUIZ ÁRBITRO :** José Miguel Vázquez Montes
- **ORGANIZACIÓN :** Miguel Morán Gueimonde, Carlos Montero Basadre, José Miguel Vázquez Montes, Santiago Crecente Campo, Montserrat Crecente Rus, Tomás Teijeiro Campo, Javier Morán Gueimonde e Daniel Morán Gueimonde.
- **PREMIOS :** Os campións e subcampións de todas as categorías serán premiados cos famosos trofeos artesanais de María Novo García ou outros trofeos. Ao xogador que se lle aplique W.O. e cúa incomparencia a xuízo do xuíz árbitro do torneo non sexa xustificada, perderá o dereito aos premios do torneo.